



COPIA

PREGUNTA ORAL SOBRE O ESTUDO DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado ano 2017 e en diversas ocasións, a concelleira con competencias na área de Turismo adiantou que o Goberno estaba a realizar un estudo a modo de diagnose para avaliar o número das vivendas de uso turístico e o impacto que están a ter na cidade de Santiago, coa intención de regular esta actividade. Para o remate do estudo fóronse dando varias datas, a última da que temos constancia era o mes de setembro de 2017.

En relación con esta cuestión, fórmulase a seguinte pregunta:

Por que non se deu a coñecer publicamente o contido dese estudo e que decisión ten adoptado o Goberno local en relación coa situación e a regulación destas vivendas no termo municipal de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular